

TEMA 19. A CRISE DA RESTAURACIÓN¹

ORIENTACIÓNS DA PAU:

O alumnado deberá explicar someramente, os/aqueles/algúns dos factores que influíron na desarticulación do sistema canovista (dende o Desastre do 98 ata as sucesivas derrotas militares na ocupación do norte de Marrocos); incidindo no deterioro progresivo do funcionamento do sistema e na existencia de crises políticas e sociais cada vez máis graves como as de 1909 e 1917. Afondará na creba definitiva do sistema da Restauración por mor da tripla crise de 1917 pa-ra, a partir da mesma, referirse á descomposición do goberno parlamentario e ao problema de Marrocos ("desastre de Annual").

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a

- o Desastre do 98
- a Lei de Xurisdicións e os seus efectos
- a Semana Tráxica,
- a tripla crise de 1917 (militar, política e social)
- o desastre de Annual.

0. INTRODUCCIÓN

A crise do sistema da Restauración é un proceso que se alimenta durante as súas primeiras décadas do s. XX. Podemos distinguir dous momentos: Un primeiro é unha lenta erosión que se prolonga até o ano 1917. Nestes anos asistimos ao desastre do 98; aumento dos grupos que non se sentían representados polos dous principais partidos e descontento social; a morte dos seus principais líderes; e o maior peso do exército na política. O segundo momento é a denominada Crise de 1917 nas súas vertentes social, política e militar que desembocará no golpe de estado de Miguel Primo de Rivera o 13 de setembro de 1923.

1. EROSIÓN DA RESTAURACIÓN:

1.1 DESASTRE DO 98

Denomínase á perda das últimas colonias españolas: Cuba, Porto Rico e Filipinas. Esta perda é efectiva en 1898, mais comeza en 1895, co chamado *Grito de Baire*: unha rebelión simultánea de varios lugares de Cuba (Baire era un deles) pola independencia, que o goberno español tratou de reprimir. O exército español estaba mal preparado, mal dotado e composto por soldados recrutados entre as clases máis pobres. A guerra foi dura e houbo que sumar moitas baixas, tamén, provocadas polas enfermidades tropicais.

Neste contexto, EEUU aproveitou para intentar facerse coa illa, un antigo desexo, atacando a España a través da prensa, e ameazando con intervir militarmente. Só faltaba a faísca que prendese o conflito: a explosión (accidental) do seu barco acoirazado Maine, en La Habana. O goberno dos EEUU culpou a España da explosión e serviu de escusa para entrar na guerra. Unha guerra efémera, na que EEUU, moi superior militarmente, rende a España en semanas. En decembro de 1898, no Tratado de París, España recoñecía a independencia de Cuba, (se ben a illa quedaría baixo control estadounidense) e entregaba Porto Rico e Filipinas a EEUU a cambio de 20 millóns de dólares.

Para España, este foi o punto final ao seu histórico imperio de ultramar, pero sobre todo foi o inicio dunha profunda crise social, cultural e política en España. Todo o país caeu nun sentimento de frustración e pesimismo, algo que se observa moi ben na obra dos autores da chamada Xeración do 98.

1.2 FRACCIONAMENTO DOS PARTIDOS DINÁSTICOS

¹ O texto base deste documento é do blog Somos Historia de Miguel Abaira con algunha incorporación do IES San Rosendo de Mondoñedo, do manual "Historia de España" de Santillana e outras propias.

A crise dos dous partidos principais do sistema turnista, Conservador e Liberal, explícase por varios factores. Por un lado, pola morte dos seus líderes: a de Cánovas en 1897 (asasinado por un anarquista) e a de Sagasta, de morte natural, en 1903. Ningún dos seus sucesores, Maura, no Partido Conservador, e Canalejas no Partido Liberal, lograrán liderar de maneira eficaz os seus partidos. Seguirán turnándose até 1917, pero con máis variedade de líderes á fronte (19 gobernos entre 1903 e 1917). O papel máis activo do monarca Alfonso XIII, que intervén en política con maior intensidade que a súa nai, será outro factor que debilite o sistema.

1.3 CRECENTE CONTESTACIÓN POLÍTICA AO SISTEMA

Este contexto tradúcese nunha crecente contestación política ao sistema diversificándose tanto nos partidos políticos como os seus apoios:

- As clases medias urbanas apoian o republicanismo (Partido Republicano Radical de Lerroux)
- O movemento obreiro suma apoios das clases populares. Os anarquistas fundan a CNT en 1910.
- Os nacionalistas periféricos, especialmente o catalán.
- Os carlistas, que aspiran a recuperar todos os seus foros, votarán ao Partido Carlista.
- No caso galego, colle forza o movemento agrarista.

Sumado a esta contestación xorde o **rexeneracionismo***: unha corrente en favor de modernizar España por medio do fomento da educación, para acabar coa decadencia, a pobreza e o caciquismo. O seu máximo representante foi o intelectual aragonés Joaquín Costa.

1.4 PAPEL DO EXÉRCITO NA VIDA POLÍTICA

Outro problema foron os militares, aos que o desastre do 98 deixou en mal lugar, polo que optaron por distanciarse dos políticos e se puxeron cada vez máis á defensiva. Neste contexto é no que suceden os chamados “Feitos da ¡Cu-Cut!”, que foron o primeiro choque do séc. XX entre os militares e a sociedade española.

A ¡Cu-Cut! era unha revista satírica catalanista que en 1905 publicou unha viñeta de humor que provocou que algúns militares se sentiran burlados ou insultados, polo que varios oficiais responderon asaltando con violencia a redacción de varias revistas. Esta agresión violenta dos militares contra a liberdade de prensa conmocionou á sociedade.

O goberno intentou responder con contundencia, impoñéndose aos militares con autoridade, pero o rei Alfonso XIII saíu en defensa do exército, o que provocou a dimisión do presidente Eugenio Montero Ríos. Así, ademais de non recibir ningún castigo por estes feitos, o novo goberno aprobou pouco despois a **Lei de Xurisdicións (1906)**, que daba a tribunais militares o poder de xulgar calquera delito contra a Patria e o Exército. O exército aumentou así o seu poder, e así seguiría até 1931, cando Azaña suprima esta lei definitivamente na súa reforma militar.

A lei foi contestada de forma masiva en Barcelona onde se celebraron multitudinarias manifestacións. No mesmo ano de 1906 se crea unha grande coalición de diferentes partidos de Cataluña, *Solidaritat Catalana*. Nesta coalición coincidirán sectores do republicanismo, carlismo catalán e o catalanistas. A coalición arrasaría nas eleccións xerais de 1907 (conseguindo 41 dos 44 escanos! en disputa en Cataluña), mais a diversidade de ideoloxías e intereses da coalición suporán a súa desaparición dous anos despois.

1.5. AUXE DO MOVEMENTO OBREIRO

O movemento obreiro terá neste inicio de século unha participación e capacidade de acción máis activa na sociedade protagonizado polas clases medias urbanas, polos obreiros e polos xornaleiros do campo. A folga será o instrumento de loita máis utilizado, mais tamén a través de atentados anarquistas (o rei Alfonso XIII sufriu un o día da súa voda, cunha bomba oculta nun ramo de flores). Precisamente nestes anos os anarquistas pasan a organizarse en sindicatos, necendo *Solidaridad Obrera* (1907) e a *Confederación Nacional del Trabajo* (CNT, 1910), que apostaban pola *acción directa*: folgas, sabotaxes, ocupación de fábricas ou terrorismo, como forma de loita obreira (fronte á estratexia de participar no xogo partidario).

1.6 GUERRA DE MARROCOS E SEMANA TRÁXICA

España intentaba compensar a perda de Cuba e Filipinas ocupando o norte de Marrocos, onde xa posuía desde había séculos as cidades de Ceuta e Melilla. En 1906, na *Conferencia de Algeciras*, España e Francia repártense o Protectorado de Marrocos correspondendo a España a zona norte do Rif.

Para facer efectivo o seu dominio, España comezou a enviar tropas para avanzar cara o interior, até que en 1909, os rifeños atacan a un grupo de obreiros dunha empresa mineira española no *Barranco del Lobo*. Ao sabelo, vendo ameazada a súa imaxe internacional, o goberno de Maura ordena mobilizar aos reservistas para envialos como tropas á zona. A maioría eran obreiros e pais de familia que non podían permitirse deixar o seu traballo, nin tampouco pagar a *redención de quintas*, o que provocou unha folga xeral e unha revolta popular en Barcelona contra a guerra. Coñecida como a **Semana trágica**.

A folga foi un éxito e as protestas foron subindo de intensidade con barricadas nas rúas, queima de igrexas e conventos. Os folguistas apoderándose das rúas de Barcelona durante unha semana. O goberno de Maura respondeu enviando reforzos militares até controlar a situación e ordenando unha durísima represión, con detencións, desterros e execucións sumarias. As mortes chegaron case a un centenar e as detencións a unhas 2.000. Nos procesos xudiciais que seguiron a estes feitos, foron condenados a morte cinco anarquistas encabezados por Francisco Ferrer i Guardia, un pedagogo que acabou sendo a cabeza de turco da revolta. Estas execucións desataron as protestas en cidades de todo o mundo pedindo a dimisión de Maura. A presión obriga a Afonso XIII a destituír ao político conservador. A represión contra os anarquista acelerará o nacemento do sindicato CNT en 1910.

1.7 INTENTOS DE REFORMA

Tanto de Maura coma o liberal Canalejas fracasaron na súa idea de que debían reformar o sistema turnista ideado por Cánovas para lograr unha maior participación do pobo na política e evitar así unha revolución social. Intentos, os de ambos, que fracasaron debido á forte oposición dos grupos dominantes.

Antonio Maura intentou evitar a fraude electoral aprobando unha *Lei de Reforma Electoral* en 1907. Esta lei acabou facendo máis difícil poder presentarse a eleccións; e ademais suspendía o voto nunha provincia se había menos candidatos que escanos a elixir.

Pola súa parte, o ferrolán José Canalejas propuxo tamén unha serie de reformas, como:

- *Lei de Asociacións Religiosas*, (Lei do Candado) (1910) que limitaba o establecemento de novas ordes relixiosas que tivo que retirar ao pouco tempo pola oposición de conservadores, católicos e o propio Papa.
- *Lei de Mancomunidades Provinciais* (1913), que concedía máis autonomía a municipios e rexións, procurando atender ás demandas dos rexionalistas.

- *Lei de Recrutamento* (1912), que impuña o servizo militar obrigatorio a todos os homes, eliminando a redención de quintas, algo que era moi solicitado polas clases populares. Con todo, establecía os “soldados de cota” (pagando unha cota, reducíase o tempo no servizo militar).

Canalejas acabaría asasinado nun atentado anarquista en 1912. A Restauración quedaba sen líderes e con xa demasiadas feridas abertas, ás que aínda habería de unirse a tripla crise de 1917.

2. CRISE DE 1917

En 1914 comeza a I Guerra Mundial, con España declarándose neutral, motivada polo illamento diplomático, a incapacidade militar, e a debilidade económica do país pero aínda así cun enorme impacto económico sobre o país, con dúas caras:

1) O Estado español vai ser subministrador de produtos aos países en guerra. Prodúcese un crecemento e desenvolvemento industrial: forte expansión da minaría asturiana, da siderurxia vasca e das industrias téxtiles e metalúrxicas catalás. Prodúcese unha forte acumulación de capitais na burguesía industrial e financeira.

2) Provocou tamén un proceso inflacionista dos produtos máis necesarios xa que, ao exportárense masivamente, eran máis difíciles de atopar no mercado español, empeorando as condicións de vida das clases medias e baixas, cada vez máis molestas.

Este contexto, sumado aos factores anteriormente analizados, desembocará na crise de 1917, a máis profunda do sistema da Restauración. Van confluír e estoupar no mesmo ano tres crises ou conflitos: militar, social e político.

2.1 A CRISE MILITAR

En outono de 1916, en Barcelona, oficiais de media e baixa gradación deciden crear Xuntas de Defensa Militares. Estas asociacións, ilegais dentro do exército, explícanse polo malestar dentro do exército respecto a unha serie de cuestións:

1. Económicas: reclaman a suba dos seus salarios.
2. Profesionais: queixas sobre os ascensos. Existe un debate sobre a importancia dos méritos de guerra fronte aos de antigüidade no corpo.
3. Políticos: defensa da honra dos militares fronte as críticas e a reclamación da represión dos que consideran inimigos da patria: socialismo, anarquismo e nacionalistas periféricos.

O goberno no momento, do liberal Manuel García Prieto, detivo aos responsables e dissolveu as Xuntas, mais o ultimato dos militares e o respaldo do rei, provocaron a súa dimisión e o nomeamento do conservador Eduardo Dato que as legalizalas en xuño de 1917.

Ademais, os militares lograron que se atenderan as súas peticións (salarios e ascensos), que se controlaran as críticas na prensa e incluso poder nomear aos ministros de Guerra. Malia isto, o exército seguiu arrastrando vellos problemas como o mal equipamento ou os enfrontamentos entre militares peninsulares (ascenso por antigüidade) e os militares africanistas (que pedían o ascenso por méritos de guerra).

2.2 A CRISE POLÍTICA

Desencadéase en Cataluña no contexto desta débil actuación do Goberno na crise militar sumada á cada vez máis forte división interna dentro dos dous partidos turnistas e das continuas

intromisións do rei Alfonso XIII na política.

Neste clima, Francesc Cambó, líder do partido catalanista Lliga Regionalista, aproveita para premer ao Goberno, pedindo a democratización do sistema político e a autonomía para Cataluña. Ante a negativa do Goberno, Cambó convoca a unha reunión aos parlamentarios cataláns (tanto deputados como senadores) en Barcelona o 5 de xullo de 1917. Deciden esixir ao Goberno a inmediata reunión das Cortes para debater nelas a organización do Estado e a autonomía de rexións e municipios.

Ante a negativa do goberno, invitábase a todos os parlamentarios de España a reunírense por libre, nunha Asemblea de Parlamentarios Extraordinaria, para, como representantes lexítimos do país, debater sobre estes temas. Esta asemblea, que tivo lugar en Barcelona o 19 de xullo, contou só coa presenza de parlamentarios catalanistas, republicanos e socialistas. Ante o fracaso da convocatoria, a acusación de ilegal e separatista por parte do Goberno e aos propios desacordos entre eles, a iniciativa fracasou. O propio Cambó e a Lliga, representantes da burguesía catalá, optaron por buscar acordos do Goberno temerosos dunha revolución social.

2.3 CRISE SOCIAL

As desigualdades provocadas pola euforia económica da guerra reforzaron a posición do sindicalismo obreiro que, a través de folgas e outros medios de presión, aspiraban a lograr un reparto máis equitativo dos beneficios da guerra.

En decembro de 1916, os sindicatos UGT e CNT convocan unha folga xeral de 24 horas que para o país.

En agosto de 1917, son UGT e o PSOE os que convocan unha folga xeral revolucionaria con dous obxectivos: derrocar o Goberno e convocar eleccións a Cortes Constituíntes, para instaurar unha república democrática. Esta folga do 13 de agosto 1917 foi moi seguida polos obreiros das zonas industriais de Cataluña, Madrid, Asturias e País Vasco e as principais capitais. O Goberno, axudado por empresarios e exército, respondeu cunha represión feroz:

Cadea perpetua para os convocadores da folga (líderes do PSOE e UGT)

Imposición da lei marcial en toda España

Disolución violenta das manifestacións

Aparición do pistoleirismo, grupos organizados pola burguesía para atemorizar ao movemento obreiro: terrorismo patronal.

O resultado foi que os obreiros abandonaran a folga e volveran ao traballo.

En resumo, en 1917 unha parte do exército, dos parlamentarios e da clase obreira levantáronse por separado, pero case ao mesmo tempo, contra o sistema. Non o conseguiron derrocar debido a que non compartían intereses e obxectivos comúns. Así, os republicanos e os catalanistas, temerosos a unha réplica da revolución á rusa, acabaron renunciando ás súas pretensións para poñerse do lado do Goberno.

Paralelamente, os gobernos cada vez duraban menos e eran máis difíciles de formar, debido á tensión entre os líderes e ao fraccionamento interno do partido conservador e liberal.

Ante esta grave situación, o rei propón formar **Gobernos de concentración**, compostos non por un partido (como era costume no turnismo) senón por varios: con representantes dos partidos Liberal, Conservador e dos catalanistas (que como bos burgueses preferirán a orde social antes que o seu catalanismo). Tampouco funcionaron. O sistema turnista de Cánovas comezaba así a desaparecer.

2. 4 MARROCOS NO FONDO

A esta axitación dunha ampla parte da sociedade únese o problema da guerra de Marrocos, na que España avanzaba con dificultade, debido á resistencia dos rifeños, dirixidos polo caudillo local Abd-el-Krim.

Para solucionalo, o Goberno aumentou a inversión e creou dous novos corpos do exército que se converterán enseguida na elite do exército español.:

1. Lexión, un corpo de soldados profesionais, fundado en 1920 polo ferrolán Millán Astray
2. Regulares, un corpo formado por españois, pero tamén por marroquís.

En 1921, aos problemas explicados, vaise unir o impactante **Desastre de Annual**.

Buscando unha vitoria definitiva en Marrocos e animado polo rei Alfonso XIII, o xeneral Silvestre arrisca en exceso, penetrando no Rif sen asegurar a retagarda. As tribos rifeñas de Abd-el-Krim atácanos en Annual, matando a uns 10.000 soldados. O resto retroceden espavorecidos cara Melilla, cos rifeños perseguíndoos brutalmente e recuperando todos os fortes construídos e conquistados por España nos anos anteriores. Aos poucos días, proclaman a República do Rif (un logro inédito na África colonial).

Este Desastre de Annual, como o chamou a prensa, sometida a unha grande censura neste tempo, impactou moito na opinión pública e aumentou a impopularidade do exército e da guerra de Marrocos. Ante a gravidade do sucedido e para depurar responsabilidades, encárgase unha investigación ao xeneral Picasso, coñecida como **Expediente Picasso**: dous mil folios nos que denunciaba múltiples erros militares e corrupción no exército. Entregouno en 1922 ao Congreso dos Deputados e estendeu a idea da culpabilidade do rei. Cando as Cortes deciden convocar unha votación para sinalar aos responsables, o capitán xeneral de Cataluña, Miguel Primo de Rivera, dá un golpe de Estado, dissolve o parlamento e proclama o inicio dunha ditadura militar co visto bo do rei Alfonso XIII e co apoio do exército e da burguesía catalá.